



Manuel Piñeiro Chamosa gaña o Campionato Provincial de Pontevedra de Caza Menor

O pasado 8 de novembro disputábase no Tecor da Sociedade de Cazadores de Forcarei o Campionato Provincial de Pontevedra de Caza Menor con can, organizado pola Federación Galega de Caza en Pontevedra en colaboración coa Sociedade de Cazadores de Forcarei.

Participaban un total de 29 cazadores na proba, e ao remate da mesma proclamábase gañador Manuel Piñeiro Chamosa ao capturar dúas arceas. Os tres seguintes cazadores capturaban un coello. A clasificación final era a seguinte:

Pos.	Participante	Nº Pezas
1º	Manuel Piñeiro Chamosa	2 arceas
2º	Felipe Lago Oliveira	1 coello
3º	José A. Gómez Pérez	1 coello
4º	Julio González Souto	1 coello
5º	Ricardo Moldes Alfonso	1 arcea

Os seguintes participantes acudirán ao Campionato Galego da modalidade: Manuel Piñeiro Chamosa, Felipe Lago Oliveira, José A. Gómez Pérez, Julio González Souto, Ricardo Moldes Alfonso e Diego Rodríguez Otero.